

ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA, RÉXIME INTERNO E FACENDA DO DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2025.

PRESIDENTE:

D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA.

VOGAIS:

**D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA.
DON JAVIER TOURÍS ROMERO (*En substitución de DONA
LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ*).
D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME.
D. JORGE CUBELA LÓPEZ.
DONA BELÉN CACHAFEIRO ANTA.
DONA MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ.
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO.
D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO.
DONA ANA LAURA IGLESIAS GÓNZÁLEZ.
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ.
DONA DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ.
DONA NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.
D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ.
D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN.
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.
DONA MARÍA MANUELA RODRÍGUEZ PUMAR.**

En Pontevedra, na sala de xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día 31 de outubro de 2025 asisten, baixo a Presidencia de D. Jesús Vázquez Almuiña Presidente da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Non asiste a Deputada, Dona Luisa María Sánchez Méndez sendo substituída polo Deputado, Don Javier Tourís Romero.

Asisten o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez e tamén o Sr. Secretario, D. Carlos Cuadrado Romy.

Actúa como Secretario, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

1. *Aprobación inicial do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio de 2026. (Exptes.- 2025071133 - 2025070722 – 2025054063).*

O Presidente da Comisión comenta os detalles máis significativos do orzamento xeral consolidado da Deputación para o exercicio 2026, por importe global de 243.694.901,00 euros, que inclúe o orzamento da Deputación, por importe de 238.597.397,00 €, o orzamento da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería, por importe de 661.079,00 €, o orzamento do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento, por importe de 6.000.100,00 € e o orzamento do Consorcio do Deza – Tabeirós por importe de 1.294.005,00 €. Con este orzamento trátase de manter, coa calidade adecuada, os distintos servizos e actividades que presta e realiza na actualidade e os que pretende

acometer no próximo exercicio a Deputación, así como asistir económica e tecnicamente os concellos por un importe total de 69.384.197,00 euros e a través de axudas aos demais axentes sociais e económicos da provincia mediante subvencións e axudas correntes de capital por un importe de 25.961.424 euros.

A continuación manifesta que o orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2026 cumpre o requisito de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite da débeda e ten un marcado carácter expansivo comparado co orzamento do exercicio 2025, xa que experimenta o orzamento consolidado un crecemento de 29.124.000,00 euros (+13,57 %) e o da Deputación aumenta en 28.721.316,00 euros (13,68 %). Así mesmo destaca que para o financiamento do orzamento non se prevé concertar ningunha operación de endebedamento debido a que xa se amortizou toda a débeda este ano, e para a súa elaboración considerouse que os ingresos a percibir do Estado sexan os mesmos que no actual exercicio máis un 3 por cento.

Con respecto o tema de persoal comenta que os créditos para gastos consolidados de persoal da Deputación e os seus organismos experimentan un incremento de 3.738.401 euros (5,84%). Este incremento débese basicamente ao incremento do 0,5% previsto no orzamento de 2025 e ao 3% de previsión de incremento para o exercicio de 2026 e as variacións nos cadros e relacións de postos de traballo, cuxo detalle figura no informe do Servizo de Recursos Humanos e Formación, e que se concretan na creación na Deputación de 36 novos postos de persoal funcionario de carreira, que se verá compensada coa amortización de 24 prazas de funcionarios e 2 de persoal laboral que quedarán vacantes por xubilacións ou desenvolvemento de procesos selectivos convocados de promoción interna. O cadro de persoal da Deputación para o exercicio de 2026, queda integrado por 951 postos de funcionarios de carreira, 17 de persoal laboral fixo, 6 postos de persoal directivo e 27 de persoal eventual, contando a Corporación Provincial con 9 cargos que teñen asignada unha dedicación exclusiva ou parcial.

A continuación somete a debate a proposta de acordo que figura na memoria da Presidencia asinada con data 28 de outubro de 2025, cuxo contido é o seguinte:

MEMORIA DA PRESIDENCIA

En cumprimento do disposto no artigo 168-1.a) do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18-1-a) do R.D. 500/1990, de 20 de abril, e co obxecto de explicar o contido e as principais modificacións do orzamento para o exercicio de 2026 en relación có de 2025, elabórase a presente memoria.

Introdución

O orzamento xeral consolidado para o próximo exercicio ten un marcado carácter expansivo, xa que experimenta un crecemento de 29.124.000€ (+13,57%) e o da Deputación aumenta 28.721.316€ (13,68%) comparados cos de 2025.

Para a súa elaboración non podemos contar coa información do proxecto de Lei de Presupostos Xerais do Estado; así consideramos os ingresos que para o próximo exercicio recibiremos do Estado serán os que estamos a recibir no actual exercicio mais un 3 por cento (o detalle figura no análise comparativa cos do exercicio anterior). Así mesmo, as retribucións dos empregados descoñecemos o incremento que terán, recolléndose unicamente o incremento do 0,5 por cento previsto para o exercicio de 2024 pagado en 2025 e un 3% de previsión para as subidas de 2025 e 2026.

De tódolos xeitos si os ingresos foran superiores tramitaríanse os oportunos expedientes de modificación e si diminúen, como xa se establece na Disposición Transitoria 1ª das bases de execución deste orzamento, declararanse coma non dispoñibles, polo mesmo importe da redución dos ingresos, os créditos das aplicacións que se estimen reducibles sen afectar o normal funcionamento dos servizos, decisión que se poderá tomar mediante resolución presidencial, previo informe do responsable do centro xestor afectado e da intervención.

En relación cos aspectos cuantitativos o orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2026 está integrado polos orzamentos:

- Da Deputación	238.597.397 €
- Da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería	661.079 €
- Do Consorcio provincial C. Incendios	6.000.100 €
- Consorcio Deza – Tabeirós	1.294.005 €
- O Consolidado	243.694.901€

En relación cos ingresos do orzamento da Deputación podemos destacar:

- O incremento dos ingresos totais por importe de 28.721.316€ (13,68%)
- O incremento dos recursos correntes por importe de 29.683.316 € (14,30%)
- Aforro neto é de 90.294.910€, mellora en 34.461.282€ (61,72%), como consecuencia do incremento dos ingresos correntes (29.683.316 €), a diminución dos gastos correntes e á amortización de toda a débeda en 2025.

En relación cos gastos do orzamento de Deputación podemos destacar:

- O incremento dos créditos para gastos totais por importe de 28.721.316€ (13,68%)
- Diminución dos gastos correntes en 2.616.324€ (-1,75%)
- Os investimentos (cap. VI e VII) acadan a cifra de 91.371.010€, aumentan 33.499.282€ (57,89%)

En relación co endebedamento podemos destacar:

- Para o financiamento do orzamento non se prevé concertar ningunha operación de endebedamento.
- Non existirá endebedamento, xa que se amortizou toda a débeda en 2025.

En relación coa solvencia consolidada da Deputación podemos destacar:

- O aforro bruto e o neto acadan a cifra de 90.374.859€, coinciden, xa que non existe débeda para amortizar, polo que mellora en 34.461.282€ (63,56%), como consecuencia do aumento dos ingresos correntes, diminución de gastos correntes e ao feito de non ter débeda para amortizar.
- Non existe débeda

Finalidades ás que se destinan os créditos orzamento consolidado da Deputación.

Este orzamento recolle os compromisos de gasto adquiridos no exercicio de 2025 e anteriores pendentes de execución. Asimesmo, o orzamento dota os créditos necesarios para atender aos seguintes programas de gasto:

PROGRAMA	DENOMINACIÓN	2025	2026	DIFERENZA	% VARIACIÓN
0110	DÉBEDA PÚBLICA	2.867.406 €	60.003 €	-2.807.403 €	-97,91%
	AREA DE GASTO 0 "DÉBEDA PÚBLICA"	2.867.406 €	60.003 €	-2.807.403 €	-97,91%
1350	PROTECCIÓN CIVIL	0 €	100.000 €	100.000 €	100,00%
1360	SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS	6.872.849 €	7.701.169 €	828.320 €	12,05%
	POLÍTICA DE GASTO 13 "SEGURIDADE E MOVILIDADE CIDADAN"	6.872.849 €	7.801.169 €	928.320 €	13,51%
1516	PROMOCIÓN DE SOLO	254.184 €	101.006 €	-153.178 €	-60,26%

	<i>POLÍTICA DE GASTO 15 "VIVENDA E URBANISMO" (IPESPO)</i>	254.184 €	101.006 €	-153.178 €	-60,26%
1621	RECOLLIDA DE LIXO	11.000 €	11.000 €	0 €	0,00%
1623	RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS (PROGRAMA COMPOSTAXE)	1.373.760 €	511.757 €	-862.003 €	-62,75%
1650	ALUMEADO PUBLICO	210.370 €	0 €	-210.370 €	-100,00%
	<i>POLÍTICA DE GASTO 16 "BENESTAR COMUNITARIO"</i>	1.595.130 €	522.757 €	-1.072.373 €	-67,23%
1700	MEDIO AMBIENTE	94.086 €	0 €	-94.086 €	-100,00%
1705	ADMON. MEDIO AMBIENTE - RECOLLIDA DE ANIMALES	1.220.146 €	1.340.542 €	120.396 €	9,87%
1708	ADMON. MEDIO AMBIENTE - BIODIVERSIDADE EN HÁBITATS COSTEIROS	77.266 €	97.585 €	20.319 €	26,30%
1720	PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE	138.000 €	136.000 €	-2.000 €	-1,45%
	<i>POLÍTICA DE GASTO 17 "MEDIO AMBIENTE"</i>	1.529.498 €	1.574.127 €	44.629 €	2,92%
	AREA DE GASTO 1ª (SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS)	10.251.661 €	9.999.059 €	-252.602 €	-2,46%
2110	PENSIÓNS	202 €	202 €	0 €	0,00%
	<i>POLÍTICA DE GASTO 21 "PENSIÓNS"</i>	202 €	202 €	0 €	0,00%
2210	OUTRAS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS A FAVOR DOS EMPREGADOS	751.700 €	753.200 €	1.500 €	0,20%
	<i>POLÍTICA DE GASTO 22 "OUTRAS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS A FAVOR DOS EMPREGADOS"</i>	751.700 €	753.200 €	1.500 €	0,20%
2310	ASISTENCIA SOCIAL : XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO	743.943 €	930.012 €	186.069 €	25,01%
2311	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA -ACCIÓN SOCIAL	2.102.102 €	2.951.498 €	849.396 €	40,41%
2312	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA -PROMOCIÓN SOCIAL	13.843.104 €	15.225.209 €	1.382.105 €	9,98%
2313	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA -A PERSONAS DEPENDIENTES	4.525.439 €	4.681.438 €	155.999 €	3,45%
2315	ASISTENCIA SOCIAL - IGUALDADE	1.689.490 €	1.799.931 €	110.441 €	6,54%
2317	ASISTENCIA SOCIAL - LOITA CONTRA BRECHA DIXITAL E A SOIDADE	6.802 €	6.803 €	1 €	0,01%
	<i>POLÍTICA DE GASTO 23 "SERVICIOS SOCIALES E PROMOCIÓN SOCIAL"</i>	22.910.880 €	25.594.891 €	2.684.011 €	11,72%
2410	FOMENTO DE EMPLEO	2.472.822 €	3.307.739 €	834.917 €	33,76%
2411	FOMENTO DE EMPLEO - DEPOEMPRENDE	36.000 €	52.000 €	16.000 €	44,44%
2412	FOMENTO DE EMPLEO - PROXECTOS UE. E MOZOS	100.000 €	100.000 €	0 €	0,00%
2419	FOMENTO DEL EMPLEO -ERASMUS 25-27	0 €	92.819 €	92.819 €	100,00%
2425	FOMENTO DE EMPLEO - PROXECTO PRACTICUM_DEPO_24-26	89.124 €	89.124 €	0 €	0,00%

2429	FOMENTO DE EMPLEO - PROXECTO PRACTICUM_DEPO_23-25	138.216 €	0 €	-138.216 €	-100,00%
	<i>POLÍTICA DE GASTO 24 "FOMENTO DE EMPREGO"</i>	2.836.162 €	3.641.682 €	805.520 €	28,40%
	AREA DE GASTO 2ª ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL	26.498.944 €	29.989.975 €	3.491.031 €	13,17%
3260	SERVICIOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN	686.001 €	750.001 €	64.000 €	9,33%
3261	SERVICIOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN - F. ESCOLA DE ENFERMERÍA	658.022 €	661.079 €	3.057 €	0,46%
	<i>POLÍTICA DE GASTO 32 "EDUCACIÓN"</i>	1.344.023 €	1.411.080 €	67.057 €	4,99%
3300	ADMINISTRACIÓN XERAL DA CULTURA	526.571 €	485.890 €	0 €	100,00%
3321	BIBLIOTECAS PÚBLICAS	17.000 €	0 €	-17.000 €	-100,00%
3322	ARQUIVOS.	2.005.384 €	2.093.626 €	88.242 €	4,40%
3330	EQUIPAMENTOS CULTURALES E MUSEOS	6.733.307 €	6.946.993 €	213.686 €	3,17%
3340	PROMOCIÓN CULTURAL	6.169.167 €	8.197.658 €	2.028.491 €	32,88%
3341	PROMOCIÓN CULTURAL: BIENAL DE ARTE	1.100.000 €	213.000 €	-887.000 €	-80,64%
3360	PROTECC. E XESTIÓN DO PATRIMONIO H. ARTÍSTICO	969.003 €	843.768 €	-125.235 €	-12,92%
3361	PROTECC. E XESTIÓN DO P. H. ARTÍSTICO - XACEMENTOS	481.008 €	249.004 €	-232.004 €	-48,23%
3362	PROTECC. E XESTIÓN DO P. H. ARTÍSTICO - CASTRODEZA	185.002 €	36.001 €	-149.001 €	-80,54%
3363	PROTECC. E XESTIÓN DO PATRIMONIO H. ARTÍSTIC	383.112 €	551.561 €	168.449 €	43,97%
3364	MELLORA PATRIMONIAL CASTELO SOUTOMAIOR		238.000 €	238.000 €	100,00%
3365	POUSADA SOUTOMAIOR		197.001 €	197.001 €	100,00%
3370	INSTALACIÓNS DE OCUPACIÓN DO TEMPO LIBRE (C. LANZADA)	541.823 €	813.050 €	271.227 €	50,06%
	<i>POLÍTICA DE GASTO 33 "CULTURA"</i>	19.111.377 €	20.865.552 €	1.754.175 €	9,18%
3400	ADMINISTRACIÓN XERAL DO DEPORTE	844.073 €	1.284.381 €	440.308 €	52,16%
3410	<i>PROMOCIÓN E FOMENTO DO DEPORTE</i>	5.463.602 €	7.297.002 €	1.833.400 €	33,56%
3420	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	5.412.156 €	8.579.856 €	3.167.700 €	58,53%
	<i>POLÍTICA DE GASTO 34 "DEPORTE"</i>	11.719.831 €	17.161.239 €	5.441.408 €	46,43%
	AREA DE GASTO 3ª PRODUCC. DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE	32.175.231 €	39.437.871 €	7.262.640 €	22,57%
4100	ADMON. XERAL DE AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA	2.356.878 €	2.344.009 €	-12.869 €	-0,55%
4120	MELLORA DAS ESTRUCTURAS AGROPECUARIAS E DOS SIST. PRODUCTIVOS	1.612.482 €	2.153.415 €	540.933 €	33,55%
4123	INVESTIGACIÓN FITOPATOLÓXICA	3.254.162 €	3.041.775 €	-212.387 €	-6,53%

4125	INVESTIGACIÓN FITOPATOLÓXICA: VITICULTURA	0 €	0 €	0 €	100,00%
4126	INVESTIGACIÓN FITOPATOLÓXICA: INNOVACIÓN KIWI SENS	10.500 €	8.500 €	-2.000 €	-19,05%
4140	DESEÑO RURAL	0 €	0 €	0 €	100,00%
4150	PROTECCIÓN E DESEÑO DOS RECURSOS PESQUEIROS	350.000 €	350.000 €	0 €	0,00%
4190	OUTRAS ACTUACIÓNS EN AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA	459.000 €	461.101 €	2.101 €	0,46%
4194	VALORACIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS_INNOVACIÓN	62.261 €	34.659 €	-27.602 €	-44,33%
4195	SOSTIBILIDADE AMBIENTAL + RIAS, OUTRAS ACTUACIÓNS	54.606 €	0 €	-54.606 €	-100,00%
	<i>POLÍTICA DE GASTO 41 "AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA"</i>	<i>8.159.889 €</i>	<i>8.393.459 €</i>	<i>233.570 €</i>	<i>2,86%</i>
4200	ADMINISTRACIÓN XERAL DA INDUSTRIA E ENERXIA	5.500 €	5.500 €	0 €	0,00%
4251	FOMENTO COMUNIDADES ENERXÉTICAS	147.881 €	0 €	-147.881 €	-100,00%
	<i>POLÍTICA DE GASTO 42 "INDUSTRIA E ENERXÍA"</i>	<i>153.381 €</i>	<i>5.500 €</i>	<i>-147.881 €</i>	<i>-96,41%</i>
4312	MERCADOS, ABASTOS Y LONJAS	0 €	4.000 €	4.000 €	100,00%
4315	C. TURISMO Y PEMES - "DA TÚA MAN RURAL I"	40.001 €	51.334 €	11.333 €	28,33%
4316	C. TURISMO Y PEMES - "DA TÚA MAN RURAL II"	20.000 €	39.177 €	19.177 €	95,89%
4320	INFORMACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA	3.773.821 €	4.712.183 €	938.362 €	24,87%
4321	INFORMACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA-TURISMO ACCESIBLE2	262.104 €	262.100 €	-4 €	0,00%
4326	TURISMO, DIXITALIZACIÓN E INTELIXENCIA DESTINOS	0 €	2.226 €	2.226 €	100,00%
4328	TURISMO SUSTENTABLE_A.W.A.V.E.S	0 €	220.000 €	220.000 €	100,00%
4330	DESEÑO EMPRESARIAL (VIVEIROS)	328.620 €	228.700 €	-99.920 €	-30,41%
4331	PROXECTOS EMPRENDEMENTO	15.580 €	1.018.580 €	1.003.000 €	6437,74%
	<i>POLÍTICA DE GASTO 43 "COMERCIO, TURISMO E PEQUENAS E M. EMPRESAS"</i>	<i>4.440.125 €</i>	<i>6.538.300 €</i>	<i>2.098.175 €</i>	<i>47,25%</i>
4500	ADMINISTRACIÓN XERAL DE INFRAESTRUCTURAS	1.144.296 €	2.064.608 €	920.312 €	80,43%
4530	CARRETERAS	24.372.003 €	38.116.837 €	13.744.834 €	56,40%
4540	CAMINOS VECINALES	1 €	1 €		
4590	OUTRAS INFRAESTRUTURAS	2.550.002 €	4.216.010 €	1.666.008 €	65,33%
	<i>POLÍTICA DE GASTO 45 "INFRAESTRUCTURAS"</i>	<i>28.066.301 €</i>	<i>44.397.456 €</i>	<i>16.331.155 €</i>	<i>58,19%</i>
4630	INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA, TÉCNICA E APLICADA	5.000 €	5.000 €	0 €	0,00%
	<i>POLÍTICA DE GASTO 46 "INVESTIGACIÓN, DESEÑO E INNOVACIÓN"</i>	<i>5.000 €</i>	<i>5.000 €</i>	<i>0 €</i>	<i>0,00%</i>

	AREA DE GASTO 4ª ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO	40.824.696 €	59.339.715 €	18.515.019 €	45,35%
9120	ORGANOS DE GOBERNO	3.464.565 €	3.714.634 €	250.069 €	7,22%
	<i>POLÍTICA DE GASTO 91 "ÓRGANOS DE GOBERNO"</i>	<i>3.464.565 €</i>	<i>3.714.634 €</i>	<i>250.069 €</i>	<i>7,22%</i>
9200	ADMINISTRACIÓN XERAL	12.036.401 €	12.848.979 €	812.577 €	6,75%
9220	COORD. E ORGANIZACIÓN INSTITUCIONAL DAS ENT. LOCALES	110.000 €	110.000 €	0 €	0,00%
9225	COORDINACIÓN E ASISTENCIA INTERMUNICIPAL	940.735 €	942.639 €	1.904 €	0,20%
9230	INFORMACIÓN BÁSICA E ESTADÍSTICA	1.000 €	0 €	-1.000 €	-100,00%
9240	PARTICIPACIÓN CIDADÁN	1.288.122 €	1.289.965 €	1.843 €	0,14%
9260	COMUNICACIÓNS INTERNAS (TIC)	7.593.199 €	7.351.993 €	-241.206 €	-3,18%
9290	IMPREVISTOS, SITUACIÓNS TRANSITORIAS E CONTINXENCIAS	1.003.000 €	1.010.000 €	7.000 €	0,70%
	<i>POLÍTICA DE GASTO 92 "SERVIZOS DE CARÁCTER XERAL"</i>	<i>22.972.457 €</i>	<i>23.553.576 €</i>	<i>581.118 €</i>	<i>2,53%</i>
9310	POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL	2.309.237 €	2.520.428 €	211.191 €	9,15%
9320	XESTIÓN DO SISTEMA TRIBUTARIO	11.660.046 €	12.965.607 €	1.305.561 €	11,20%
9321	XESTIÓN DO SISTEMA TRIBUTARIO, PADRÓNS E CENSOS	1.200.000 €	0 €	-1.200.000 €	-100,00%
9330	XESTIÓN DO PATRIMONIO	373.850 €	380.350 €	6.500 €	1,74%
9340	XESTIÓN DA DÉBEDA E DA TESOURERÍA	434.957 €	409.955 €	-25.002 €	-5,75%
	<i>POLÍTICA DE GASTO 93 "ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA E TRIBUTARIA"</i>	<i>15.978.090 €</i>	<i>16.276.340 €</i>	<i>298.250 €</i>	<i>1,87%</i>
942	TRANSF. A ENTIDADES LOCALES TERRITORIALES /PLAN COOPERACIÓN CONCELLOS: 2025	58.859.442 €	60.809.282 €	1.949.840 €	3,31%
9431	COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA	331.551 €	401.500 €	69.949 €	21,10%
9432	COOPERACIÓN: PROX. VISIT 2024	202.210 €	111.946 €	-90.264 €	-44,64%
9434	COOPERACIÓN: AXENDA LOCAL 2030	143.647 €		-143.647 €	-100,00%
	<i>POLÍTICA DE GASTO 94 "TRANSFERENCIAS A OUTRAS ADMON. PÚBLICAS"</i>	<i>59.536.850 €</i>	<i>61.322.728 €</i>	<i>1.785.878 €</i>	<i>3,00%</i>
	AREA DE GASTO 9ª ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL	101.951.963 €	104.867.278 €	2.915.315 €	2,86%
<u>TOTAL ORZAMENTO CONSOLIDADO (DEPUTACIÓN + F. E. ENFERMERIA+ CONSORCIO PROVINCIAL + CONSORCIO DEZATABEIROS).....</u>		<u>214.569.901 €</u>	<u>243.693.901 €</u>	<u>29.124.000 €</u>	<u>13,57%</u>

Con este orzamento trátase de:

- Manter coa calidade adecuada, durante o exercicio de 2026, os distintos servizos e actividades que presta e realiza na actualidade a Deputación. Asimesmo, tamén se

dota crédito para facer fronte aos gastos de novos servizos e actividades que se pretenden acometer no próximo exercicio.

- *Asistir económica e tecnicamente aos concellos por un importe total de 69.384.197,00 €, incrementase en 1.434.320,00 €, dos cales 19.735.042 € son para axudas de natureza corrente e 49.649.155 € son para axudas de natureza de capital (investimento).*
- *Axudas aos demais axentes sociais e económicos da provincia (25.961.424 €) mediante subvencións e axudas correntes e de capital.*

Consideracións cuantitativas xerais en materia de gastos

En materia de gastos o orzamento consolidado da Deputación podemos destacar:

- *Os créditos para gastos do capítulo I (gastos de persoal) acadan a cifra de 63.994.664 €, experimentando un incremento de 3.738.401 € (5,84%). Este crecemento débese basicamente ao incremento do 0,5% previsto no presuposto de 2025 e ao 3% de previsión de incremento para o exercicio de 2026 e a outras pequenas variacións nos cadros e relación de postos de traballo que se explican no informe da xefa do Servicio de RRHH e Formación.*
- *Os créditos para gastos do capítulo II (gastos en bens e servizos correntes) acadan a cifra de 51.636.989€, experimentando un incremento de 1.608.767€ (3,22%), como consecuencia do incremento de crédito para investimentos, para maior detalle ver plan de investimentos.*
- *Os créditos para gastos do capítulo III (gastos financeiros) acadan a cifra de 133.104€ en xuros de demora, polo que experimentan unha diminución de 655.761€ (-83,13%), como consecuencia da amortización da débeda.*
- *Os créditos para gastos do capítulo IV (transferencias correntes) acadan a cifra de 35.196.786€, diminúe en 6.946.695€ (16,48%), como consecuencia basicamente de diminuír o crédito para gasto corrente.*
- *Os créditos para gastos do capítulo V (Fondo de continxencia) acadan a cifra de 1.010.000 €, é unha esixencia da LOEPSF para facer fronte a gastos imprevistos e imprevisibles, e non experimenta variación significativa.*
- *Os créditos para gastos do capítulo VI (investimentos reais) acadan a cifra de 34.145.303€, experimentan un crecemento de 19.077.431€ (126,61%), para maior detalle ver plan de investimentos.*
- *Os créditos para gastos do capítulo VII (transferencias de capital) acadan a cifra de 57.297.156€, incrementa en 14.456.000€ (33,74%), para maior detalle ver plan de investimentos.*

- Os créditos para gastos do capítulo VIII (variación de activos financeiros) non experimentan variación significativa.
- Os créditos para gastos do capítulo IX (variación de pasivos financeiros) acadan a cifra de 0 € diminuindo en 2.161.642 (100%), como consecuencia da amortización de toda a débeda en 2025.

Consideracións cuantitativas xerais en materia de ingresos

En materia de ingresos do orzamento xeral consolidado da Deputación podemos destacar:

- Capítulo I (Impostos directos), estímase para este capítulo uns dereitos a liquidar de 20.314.740 €, experimentando un crecemento de 1.735.224 € (9,34%), xa que se espera recadar mais de acordo co que estamos recibindo actualmente.
- Capítulo II (Impostos indirectos), estímase para este capítulo uns dereitos a liquidar de 16.595.728 €, o que representa un aumento de 2.513.271 € (17,85%), en base ao que estamos recibindo actualmente do IVE e Impostos especiais.
- Capítulo III (Taxas e outros ingresos), estímase, por este capítulo, uns dereitos a liquidar de 15.906.155 € polo que experimenta un incremento de 511.101€ (3,32%), como consecuencia duns maiores ingresos esperados de taxas, prezos públicos e outros conceptos.
- Capítulo IV (Transferencias correntes), estímase neste capítulo uns ingresos de 185.973.972 €, experimentando un aumento de 25.366.252 € (15,79%), como consecuencia, en parte, do incremento de 2025 que non se puxo no orzamento inicial, o incremento estimado dun 3% para 2026 da PTE, basicamente do Fondo Complementario da PIE.
- Capítulo V (Ingresos patrimoniais), estímase neste capítulo uns dereitos a liquidar de 3.555.807 €, é dicir, que experimenta unha caída de 38.847 € (-1,08%) debido a baixa dos xuros que pagan os bancos polos excedentes de tesourería.
- Capítulo VI (alleamento de investimentos reais), estímase para este capítulo uns dereitos a liquidar de 850.500 €, non experimenta variación.
- Capítulo VII (Transferencias de capital), espéranse uns ingresos de 238.000 €, experimenta unha diminución de 962.000€ (-80,17%), en función de convenios cos concellos e de axudas de fondos europeos.
- Capítulo IX (Variacións de pasivos financeiros), as previsións non varían ao non preverse ningunha operación de crédito igual co ano anterior, como consecuencia de non ser necesario o financiamento do orzamento con endebedamento, dándose así cumprimento o principio de estabilidade orzamentario e de déficit cero.

Evolución do endebedamento

Non existe débeda.

PROPOSTA DE ACORDO

Por todo o exposto e co obxecto de poder atender ás diversas obrigacións da competencia provincial, e dado que este se elaborou con observancia das prescricións legais e regulamentarias, hónrome en lle propoñer ó Pleno a aprobación do orzamento xeral da Deputación Provincial para o exercicio de 2026 está integrado por:

- O orzamento da Deputación, por importe de 238.597.397€.
- O orzamento da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería, por importe de 661.079 €
- O orzamento do Consorcio P. contra incendios, por importe 6.000.100 €.
- O orzamento do Consorcio do Deza – Tabeirós 1.294.005 €.

- Orzamento Xeral Consolidado, por importe de:
 - En ingresos 243.694.901 €
 - En gastos 243.694.901 €
- Das bases de execución do orzamento xeral da Deputación, e as específicas da Fundación da Escola U. de Enfermería e a dos Consorcios.
- Dos cadros de funcionarios, as relacións de postos de traballo e os cadros do persoal laboral e eventual da Deputación, da Fundación E. U. E. e dos Consorcios.
- Do Anexo de investimentos para o exercicio 2026.
- Do plan (marco) orzamentario a medio prazo 2025-2027.

Remata a memoria da Presidencia indicando que no acordo de aprobación inicial haberá de recollerse, para cada un dos orzamentos indicados, o resumo por capítulos dos seus estados de ingresos e gastos.

Este resumo por capítulos é o seguinte:

ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN**ESTADO DE GASTOS****OPERACIÓNS CORRENTES**

Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	57.198.673,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos...	50.574.845,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros.....	133.004,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	38.047.465,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos.	1.000.000,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>146.953.987,00 €</i>

OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulo 6.- Inversións reais.....	34.072.854,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	57.298.156,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	272.400,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>91.643.410,00 €</i>

TOTAL ORZAMENTO..... 238.597.397,00 €

ESTADO DE INGRESOS**OPERACIÓNS CORRENTES**

Capítulo 1.- Impostos directos.....	20.314.740,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos.....	16.595.728,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	13.131.855,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	183.650.869,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	3.555.705,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>237.248.897,00 €</i>

OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais.....	850.500,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	238.000,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	260.000,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>1.348.500,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO.....	238.597.397,00 €

ORZAMENTO DA FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓN CORRENTES

Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	594.323,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	65.656,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros.....	100,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>660.079,00 €</i>

OPERACIÓN DE CAPITAL

Capítulo 6.- Investimentos reais.....	1.000,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>1.000,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO.....	661.079,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTES

Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	125.000,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	535.077,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	2,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>660.079,00 €</i>

OPERACIÓN DE CAPITAL

Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	1.000,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>1.000,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO.....	661.079,00 €

ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	5.105.051,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos...	799.600,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	6.000,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	10.000,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>5.920.651,00 €</i>

OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulo 6.- Inversións reais.....	70.949,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	8.500,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>79.449,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO.....	6.000.100,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORRENTES

Capítulo 3.-Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.380.000,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	3.620.000,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	100,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>6.000.100,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO.....	6.000.100,00 €

**ORZAMENTO DO CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRAINCENDIOS E
SALVAMENTO DAS COMARCAS DE DEZA E TABEIRÓS-TERRA DE MONTES.****ESTADO DE GASTOS****OPERACIÓNS CORRENTES**

Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	1.096.616,94 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	196.888,06 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>1.293.505,00 €</i>

OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulo 6.- Investimentos reais.....	500,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>500,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO.....	1.294.005,00 €

ESTADO DE INGRESOS**OPERACIÓNS CORRENTES**

Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	269.300,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	1.024.705,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>1.294.005,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO.....	1.294.005,00 €

ORZAMENTO CONSOLIDADO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**ESTADO DE GASTOS****OPERACIÓNS CORRENTES**

Capítulo 1.- Gastos de Persoal.....	63.994.663,94 €
-------------------------------------	-----------------

Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos.....	51.636.989,06 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros.....	133.104,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	35.196.785,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	1.010.000,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>151.971.542,00 €</i>

OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulo 6.- Inversións reais.....	34.145.303,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital.....	57.297.156,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	280.900,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>91.723.359,00 €</i>

TOTAL ORZAMENTO..... 243.694.901,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORRIENTES

Capítulo 1.- Impostos directos.....	20.314.740,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos.....	16.595.728,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.906.155,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes.....	185.973.971,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais.....	3.555.807,00 €
<i>Total Operacións correntes.....</i>	<i>242.346.401,00 €</i>

OPERACIÓNS DE CAPITAL

Capítulo 6.- Alleamento de inversións reais.....	850.500,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	238.000,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros.....	260.000,00 €
<i>Total Operacións de Capital.....</i>	<i>1.348.500,00 €</i>

TOTAL ORZAMENTO..... 243.694.901,00 €

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo que figura na memoria da Presidencia de data 28 de outubro de 2025, obtendo o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do PSG-PSOE, e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo que figura na memoria da Presidencia do expediente relativo á aprobación inicial do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio de 2026, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular e coa abstención das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizado o acto, sendo as once horas e dez minutos do día arriba sinalado, do que, como Secretario, dou fe.

O Secretario da Comisión
Asdo.: José Antonio Gulías Varela
(Documento asinado electrónicamente ó marxe)